

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0375	Servizos de rede e internet	2022/2023	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA YOLANDA GARCÍA ULLA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As características do ámbito produtivo tidas en conta, á hora de concretar esta programación didáctica do currículo deste módulo profesional son, ademais das comúns para o ciclo formativo as especificadas polo departamento de informática:

- Perfil de empresa típico é unha micropeme de menos de 10 traballadores (máis do 90%) dedicada á consultaría/servizos informática en xeral (instalación e mantemento de sistemas/redes, reparación de equipos, ...) e/ou desenvolvemento de aplicacións/aplicacións WEB. Ademais a maioría delas están diversificadas dando tamén outro tipo de servizos (de telecomunicacións, comerciais, consultaría legal,...).
- Os sistemas operativos principalmente utilizados son Microsoft Windows (tecnoloxías cliente e servidor) e GNU/Linux.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Servizos DHCP: fundamentos e implantación baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	Tecnoloxías de configuración de enderezos de rede: fundamentos, protocolos e procesos. Instalación, configuración e administración do servizo DHCP baixo Windows e Gnu/Linux. Configuración de equipos cliente Windows e Gnu/Linux. Detección, diagnose e solución de problemas.	32	15
2	Servizos de nomes DNS: fundamentos e administración baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	Tecnoloxías de rexistro e resolución de nomes en enderezos de rede e viceversa: fundamentos, protocolos e procesos. Instalación, configuración e administración dos servizos de nomes DNS/NetBIOS baixo Windows e Gnu/Linux. Configuración de equipos cliente Windows e Gnu/Linux. Detección, diagnose e solución de problemas. Integración co DHCP	37	30
3	Servizos de transferencia de ficheiros FTP: fundamentos e administración baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	Protocolos, tecnoloxías e ferramentas dos servizos de transferencia de ficheiros FTP/FTPS. Instalación, configuración e administración do servizo FTP/FTPS (IIS) baixo Windows e Gnu/Linux (SSH). Xestión de usuarias. Detección, diagnose e solución de problemas. Ferramentas cliente FTP/FTPS/SSH en modo consola e gráfico.	20	8
4	Servizo WEB: fundamentos e administración baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	Protocolos, tecnoloxías e ferramentas de infraestrutura para web. Instalación, configuración e administración do servizo WEB (IIS) baixo Windows e Gnu/Linux. Administración de módulos e aplicacións. Configuración de equipos cliente Windows e Gnu/Linux. Detección, diagnose e solución de problemas. Rexistro e estatísticas de uso	32	20
5	Servizo de correo electrónico: fundamentos e administración sobre sistemas Gnu/Linux	Protocolos, tecnoloxías e ferramentas dos servizos de correo electrónico. Instalación dun servizo de correo electrónico baixo GNU/Linux. Correo electrónico seguro: configuración e utilización. Integración de solucións antivirus e antispam. Detección, diagnose e solución de problemas. Ferramentas cliente de correo electrónico.	31	20
6	Servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución baixo Gnu/Linux	Instalación, configuración e administración de servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.	10	5
7	Servizos de audio: fundamentos e administración baixo sistemas Windows e Gnu/Linux	Fundamentos, protocolos, tecnoloxías e ferramentas de audio baixo Windows e Gnu/Linux	3	1
8	Servizos de vídeo: fundamentos e administración baixo sistemas Windows e Gnu/Linux	Fundamentos, protocolos, tecnoloxías e ferramentas de vídeo, videoconferencia baixo Windows e Gnu/Linux	3	1

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Servizos DHCP: fundamentos e implantación baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	32

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza e administra servizos de resolución de nomes con garantía da seguridade do servizo.	NO
RA2 - Interconecta e administra sistemas en rede instalando mecanismos automatizados de configuración, e verifica a correcta asignación dos parámetros.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Implementáronse solucións de servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.
CA2.1 Recoñecéronse os mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e as súas vantaxes.
CA2.2 Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.
CA2.3 Instaláronse servidores de configuración dos parámetros de rede en sistemas operativos libres e propietarios.
CA2.4 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos equipamentos dunha rede local.
CA2.5 Configúranse asignacións estáticas e dinámicas dos parámetros de rede.
CA2.6 Intégráronse no servizo opcións adicionais de configuración dos parámetros de rede.
CA2.7 Documentáronse os procedementos realizados na administración de mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede.

4.1.e) Contidos

Contidos
Servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.
Funcionamento do servizo.
Asignacións: tipos.
Parámetros e declaracións de configuración.
Comandos utilizados para o funcionamento do servizo.
Ficheiros de configuración.
Ferramentas gráficas de configuración.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Servizos de nomes DNS: fundamentos e administración baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	37

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza e administra servizos de resolución de nomes con garantía da seguridade do servizo.	SI
RA2 - Interconecta e administra sistemas en rede instalando mecanismos automatizados de configuración, e verifica a correcta asignación dos parámetros.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse e describíronse escenarios en que xurda a necesidade dun servizo de resolución de nomes.
CA1.2 Clasifícanse os principais mecanismos de resolución de nomes.
CA1.3 Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
CA1.4 Instaláronse e configuráronse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
CA1.5 Preparouse o servizo para reenviar consultas de recursos externos a outro servidor de nomes.
CA1.6 Preparouse o servizo para almacenar e distribuír as respostas procedentes doutros servidores.
CA1.7 Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
CA1.8 Implementáronse solucións de servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.
CA1.9 Realizáronse transferencias de zona entre dous ou máis servidores.
CA1.10 Documentáronse os procedementos de instalación e configuración de servizos de resolución de nomes.
CA2.6 Intégráronse no servizo opcións adicionais de configuración dos parámetros de rede.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de nomes planos e xerárquicos.
OFicheiros de configuración.
Ferramentas gráficas de configuración
Resolutores de nomes. Proceso de resolución dun nome de dominio.
Servidores raíz, e dominios de primeiro nivel e sucesivos.
Zonas primarias e secundarias: transferencias de zona.
Tipos de rexistros.
Servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.

Contidos

Uso de reenviadores.

Resolución inversa.

Comandos relativos á resolución de nomes.

Parámetros e declaracións de configuración.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Servizos de transferencia de ficheiros FTP: fundamentos e administración baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala e administra servizos de transferencia de ficheiros, e verifica que se asegure e se limite o acceso á información.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Estableceuse a utilidade e o modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.
CA4.2 Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.
CA4.3 Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.
CA4.4 Configurouse o acceso anónimo.
CA4.5 Establecéronse límites nos modos de acceso.
CA4.6 Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo.
CA4.7 Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico.
CA4.8 Utilizouse o navegador como cliente do servizo de transferencia de ficheiros.
CA4.9 Elaborouse documentación relativa á instalación, a configuración e as recomendacións de uso do servizo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade do servizo. Servidores e clientes.
Configuración do servizo de transferencia de ficheiros: permisos e cotas.
Tipos de usuarios e accesos ao servizo.
Modos de conexión do cliente.
Tipos de transferencia de ficheiros.
Utilización do servizo en modo texto. Comandos
Utilización de ferramentas gráficas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Servizo WEB: fundamentos e administración baixo sistemas Gnu/Linux e Windows	32

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Administra servidores web configurando o servizo de acordo coas necesidades de uso.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
CA3.2 Instaláronse e configuráronse servidores web en sistemas operativos libres e propietarios.
CA3.3 Amplíouse a funcionalidade do servidor mediante a activación e a configuración de módulos.
CA3.4 Creáronse e configuráronse sitios virtuais.
CA3.5 Configúranse os mecanismos de autenticación e control de acceso do servidor.
CA3.6 Obtivéronse e instaláronse certificados dixitais.
CA3.7 Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor.
CA3.8 Realizáronse probas de monitorización do servizo.
CA3.9 Analizáronse os rexistros do servizo para a elaboración de estatísticas e a resolución de incidencias.
CA3.10 Elaborouse documentación relativa á instalación, a configuración e as recomendacións de uso do servizo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Características xerais dun servidor web.
0Navegadores web: parámetros de aparencia e uso.
Rexistro e configuración.
Protocolo HTTP.
Tipos MIME.
Configuración básica dun servidor web
Módulos: instalación, configuración e uso.
Hóspedes (hosts) virtuais: creación, configuración e uso.
Autenticación e control de acceso.
Protocolo HTTPS

Contidos

Certificados. Servidores de certificados.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Servizo de correo electrónico: fundamentos e administración sobre sistemas Gnu/Linux	31

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza e administra servizos de resolución de nomes con garantía da seguridade do servizo.	NO
RA3 - Administra servidores web configurando o servizo de acordo coas necesidades de uso.	NO
RA5 - Instala e administra servidores de correo electrónico aplicando criterios de configuración, de xeito que se garanta a seguridade do servizo.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
CA3.4 Creáronse e configuráronse sitios virtuais.
CA5.1 Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.
CA5.2 Instalouse e configurouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.
CA5.3 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.
CA5.4 Establecéronse e aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico.
CA5.5 Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de usuario.
CA5.6 Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo desde as contas creadas no servidor.
CA5.7 Utilizouse a sinatura dixital e o correo cifrado.
CA5.8 Configurouse o servidor de correo como un servizo seguro.
CA5.9 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso do servizo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Hóspedes (hosts) virtuais: creación, configuración e uso.
Elementos do servizo de correo electrónico. Axentes.
0Protocolos e servizos de descarga de correo.
Estrutura das mensaxes de correo electrónico.
Protocolo de transferencia de mensaxes.
Cientes de correo electrónico.
Contas de correo, alias e caixas de usuario.

Contidos

Servizo de correo electrónico vía web.

Correo seguro: sinatura dixital e cifraxo de mensaxes.

Reenvío de correo.

Integración de módulos antivirus e filtro para correo non desexado.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución baixo Gnu/Linux.	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Administra servidores web configurando o servizo de acordo coas necesidades de uso.	NO
RA6 - Instala e administra servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución, de xeito que se asegure o acceso dos usuarios.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.4 Creáronse e configuráronse sitios virtuais.
CA6.1 Descríbóronse os servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.
CA6.2 Instalouse e configurouse o servizo de mensaxaría instantánea.
CA6.3 Utilizáronse clientes gráficos e de texto de mensaxaría instantánea.
CA6.4 Instalouse e configurouse o servizo de noticias.
CA6.5 Instalouse e configurouse o servizo de listas de distribución.
CA6.6 Determinouse o tipo de lista e os modos de acceso permitidos.
CA6.7 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso aos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.
CA6.8 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso dos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.

4.6.e) Contidos

Contidos
Hóspedes (hosts) virtuais: creación, configuración e uso.
Características do servizo de mensaxaría instantánea: protocolos.
Cientes gráficos e en modo texto de mensaxaría instantánea.
Uso da mensaxaría instantánea. Normas de respecto.
Características do servizo de noticias: protocolos.
Cientes gráficos de noticias.
Grupos de noticias
Características do servizo de listas de distribución: protocolos.
Tipos de listas de distribución e de acceso a elas.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Servizos de audio: fundamentos e administración baixo sistemas Windows e Gnu/Linux	3

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Instala e administra servizos de audio, e adapta os formatos en función das necesidades de distribución identificadas.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Describiuse a funcionalidade do servizo de audio.
CA7.2 Instalouse e configurouse un servidor de distribución de audio.
CA7.3 Instalouse e configurouse o cliente para o acceso ao servidor de audio.
CA7.4 Recoñecéronse e utilizáronse formatos de audio dixital.
CA7.5 Utilizáronse ferramentas de reprodución de audio no cliente.
CA7.6 Utilizáronse servizos de audio a través do navegador.
CA7.7 Utilizáronse técnicas de sindicación e subscrición de audio.
CA7.8 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de audio.

4.7.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade do servizo de audio.
Formatos de audio. Códecs e reprodutores.
Servidores de streaming.
Sindicación e subscrición de audio. Podcast.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Servizos de vídeo: fundamentos e administración baixo sistemas Windows e Gnu/Linux	3

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Instala e administra servizos de vídeo, e adapta os formatos en función das necesidades de distribución identificadas.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Describiuse a funcionalidade do servizo de vídeo.
CA8.2 Instalouse e configurouse un servidor de vídeo.
CA8.3 Configurouse o cliente para o acceso ao servidor de vídeo.
CA8.4 Recoñecéronse e utilizáronse formatos de compresión de vídeo dixital.
CA8.5 Utilizáronse técnicas de sindicación e subscrición de vídeo.
CA8.6 Descríronse as características e os protocolos utilizados no servizo de videoconferencia.
CA8.7 Instaláronse e configuráronse ferramentas gráficas para realizar videoconferencia.
CA8.8 Utilizáronse ferramentas gráficas e navegadores para realizar videoconferencias.
CA8.9 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de vídeo e do servizo de videoconferencia.

4.8.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade do servizo de vídeo.
Formatos de imaxe.
Servidores de vídeo.
Formatos de vídeo. Códecs e reprodutores.
Sindicación e subscrición de vídeo.
Videoconferencia.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva son ter superados todos os mínimos exigibles de cada unidade didáctica.

Antes de cada avaliación realizarase unha proba global que permita valorar o grao de integración de coñecementos que acadou cada un dos alumnos en cada unha das unidades didácticas.

A non superación da proba relativa a cada unidade didáctica, suporá unha cualificación na avaliación inferior a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cada unidade didáctica, ou conxunto de unidades didácticas avaliábeas conxuntamente, o profesorado seguirá o procedemento seguinte:

- Analizará, conxuntamente coa alumna/o, para que actividades non se cumpren os mínimos exigibles e o por que.
- Propondrá medidas de solución a alumna/o: repetir certas actividades ou partes da actividade, facer outra actividade, explicacións personalizadas,
- A alumna/o entregará as tarefas propostas (pode ser tamén unha tarefa/cuestionario de avaliación sumativa) a corrixi-lo profesor.
- O profesor avaliará as novas tarefas realizadas.
- Se algunha tarefa non é entregada ben en prazo ou ben forma (correctamente resolta): volta ó comezo deste procedemento.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda a dereito a avaliación continua, durará como máximo 6 horas e poderá constar de dous apartados:

1. Apartado teórico (duración aproximada: 1 hora): consistirá nunha proba escrita e/ou electrónica integrada por:
 - a. Cuestionario con preguntas test de escolla múltipla e resposta breve (máximo 100 preguntas): puntuará o 20 % na cualificación final.

2. Apartado práctico (duración aproximada: 5 horas): consistirá nun problema de instalación de varios servizos de rede (DHCP, DNS, WEB, FTP/FTPS, SMTP, POP3, IMAP, Listas,....)

como os estudados ó longo do curso e configuración de equipos cliente conforme a unhas especificacións de requisitos de servizo e rendemento preestablecidas.

Incluirá preguntas do profesor/a ao alumno/a sobre razóns dos pasos tomados, solucións a problemas de funcionamento/rendemento, etcétera (ver programación de actividades

de aula). Ponderará o outro 80 % da cualificación final.

O apartado teórico poderá excluírse da proba, compoñéndose a proba de avaliación extraordinaria dun único apartado práctico. Nese caso, o tempo e a porcentaxe de puntuación na cualificación final pasarán a sumar á parte práctica.

En cada proba figurarán completamente especificadas a puntuación de cada un dos subapartados, antes do comezo da proba, para garantir unha avaliación obxectiva.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento para a avaliación da propia práctica docente será o seguinte:

Dividirase en cinco fronteas:

1. Avaliación, por parte do alumnado, da práctica docente na aula do profesor.
2. Avaliación, por parte do alumnado, do material didáctico.
3. Avaliación, por parte do alumnado, da dinámica de grupo.
4. Avaliación, por parte do alumnado, dos recursos dispoñibles na aula e a súa utilización.
5. Expresión, por parte do alumnado, das impresións/emocións/inquietudes experimentadas durante o traballo no módulo.

Para cada fronte existirá un cuestionario, tipo valoración de 1 a 5 e resposta libre sobre varios "indicadores", a encher por parte de cada alumna ou alumno despois do traballo completo cunha UD. Os cuestionarios serán anónimos coa intención de obter a información menos sesgada posible.

O profesor/a examinará as impresións particulares e tratará de corrixir o proceso de ensino-aprendizaxe no traballo coa seguinte UD, na medida do posible, para dar resposta as posibles eivas detectadas.

- Na avaliación recollida ó remate do traballo coa seguinte UD, comparará se as medidas correctivas, de existiren, foron as axeitadas ou non, e tomará de novo as medidas oportunas, se procede.

- Ó remate do curso, na memoria de final de curso, recollerá un resumo dos aspectos salientables a teren en conta no próximo curso académico.

O procedemento para a avaliación da programación didáctica será o que continúa:

- En reunión de departamento, cunha frecuencia mensual mínima dunha reunión por mes, revisarase o cumprimento da programación e se corrixirá o que se estime oportuno:

* Secuenciación/temporización de actividades, substitución de actividades por outras, etcétera.

- Terase en conta especialmente os informes do profesorado titor de FCT, con respecto ó demandado polo tecido produtivo.

- Tamén se revisará a coordinación co resto do equipo docente do grupo.

- Cara o curso académico seguinte, a programación reflectirá as correccións feitas froito do traballo anterior.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento para a realización da avaliación inicial será o que segue:

- Recollida, mediante un cuestionario persoal, de información das circunstancias persoais de cada alumna/o (formación previa, intereses, motivacións, recursos dispoñibles, experiencias previas, ...) e análise do formulario por parte do profesorado que integra o equipo docente do grupo.

- Recollida, por parte do profesorado, dunha avaliación para cada alumno/a sobre o traballo desenvolvido durante as primeiras semanas

do curso: puntos fortes e puntos febles.

- Realización dunha sesión de avaliación inicial (preceptiva) conxunta co equipo docente á luz da antedita información e calquera outra que xurda na reunión.
- Elaboración dun informe de orientación individual e posibles medidas de atención a diversidade para o alumnado que se estime que o precisa para o correcto seguimento das actividades formativas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo serán sempre consensuadas co resto do equipo docente do grupo e serán personalizadas para as necesidades detectadas para un alumno/a. Incluirán:

- Eliminación/reelaboración de certas actividades de ensino aprendizaxe que presenten especial dificultade por parte do alumno/a;
- Proposta de repetir, baixo supervisión directa do profesor/a, certas actividades especialmente problemáticas;
- Calquera outra que poda axudar a que a alumna/o responda globalmente aos obxectivos programados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Na elaboración do diverso material didáctico e no traballo na aula, prestarase especial atención ós eixos seguintes:

- Facer uso de software libre sempre que sexa posible e aconsellable, fronte o software propietario, valorando as importantes oportunidades que ofrece tanto para o desenvolvemento profesional, persoal e social.
- Respecto á igualdade e non discriminación de sexos (no que atinxe á redacción dos textos e calquera outra cuestión).
- Fomentar o espírito emprendedor.
- Atención ás discapacidade (accesibilidade).
- Prevención de riscos laborais.
- Aprendizaxe ó longo da vida: formación polivalente e capacidade de adaptación ós cambios do mercado laboral.
- Transmisión de actitudes e normas para un desempeño profesional respectuoso co medio, a normativa de seguridade e fortalecedor da calidade e mellora continua.
- Información e orientación profesional.

Respecto pola normativa legal, especialmente no que atinxe á LOPD e LSSICE, no que atinxe a súa aplicación na práctica diaria como administradora/or de sistemas informáticos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- * Asistencia á presentación dos traballos desenvolvidos en grupos ou de maneira individual, polo resto dos compañeiros da clase.
- * Os/as alumnos/as poderán participar nas visitas a feiras, charlas, talleres ou empresas, organizados polos profesores/as do departamento de Informática.

10. Outros apartados

10.1) Publicación da programación

A programación deste módulo profesional estará a disposición do alumnado na páxina web do centro, e asimismo o alumnado disporá dunha copia da mesma colgada no curso do módulo na aula virtual do centro.

10.2) Adaptación

Para apoiar aos procesos de ensino-aprendizaxe vaise crear e utilizar a aula virtual do centro, xa que brinda unha plataforma versátil con ferramentas que facilitan a docencia presencial/semipresencial/online, e ademais é a plataforma corporativa da Consellería de Educación.

Na aula Virtual o alumnado terá acceso a un sitio de traballo do módulo de Servizos de Rede e Internet que permiten o acceso aos contidos e os recursos dixitais do módulo. Os recursos educativos distribuídos a través da aula virtual constitúen un apoio na modalidade presencial e unha forma de continuidade no proceso ensino aprendizaxe baixo situacións de modalidade semipresencial ou online. Ante calquera cambio de modalidade, o alumnado estará familiarizado con esta plataforma de aprendizaxe facilitando a adaptación.

Nunha situación de modalidade non presencial, a parte dos recursos da aula virtual utilizados no ensino presencial, faranse uso dos chats, foros, mensaxería, Abalar, videoconferencia que faciliten e apoiem ao ensino. Nesta modalidade pódense tratar todos os aspectos curriculares, tanto os de natureza teórica como práctica. Para os de natureza práctica necesítase que o alumno instale no seu equipo as máquinas virtuais proporcionadas polo profesor xunto coas aplicacións e ferramentas necesarias para realizar os exercicios prácticos.

As probas de avaliación serán de forma presencial, salvo nunha situación de emerxencia que estea prohibido o retorno ás aulas, que se realizarán a través da aula virtual.